

DOCUMENTOS MEDIEVAIS EN LINGUA GALEGA.

ENTREVISTA A HENRIQUE MONTEAGUDO

Traballaremos cunha entrevista realizada ao profesor da USC Henrique Monteagudo que podes atopar no seguinte enlace:

<http://www.lavozdeg Galicia.es/hemeroteca/2006/06/13/4857768.shtml>

As entrevistas

1. Como sabes existen dous tipos de entrevistas: as entrevistas de personaxe e as entrevistas informativas? En cal destas dúas modalidades incluírías esta? Por que?
2. Completa o seguinte cadro referido á entrevista.

Medio de comunicación	
Título da entrevista	
Nome do entrevistador	
Nome do entrevistado	
Data da entrevista	

Comprendendo o texto

1. Explica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *transcripción*, *escribán*, *status* e *clerical*.
2. Cales son os temas tratados na entrevista?
3. Contesta ás seguintes cuestións:
 - Con que ten que ver o proceso de aparición das linguas romances na escrita?
 - Cales son os sectores da Igrexa que comezan a utilizar o romance escrito por primeira vez?
 - A que romance escrito se refire o profesor Monteagudo?
 - Onde eran máis abundantes e fortes os mosteiros?
 - Que tipos de textos comezaron a escribirse antes en galego?

Escribimos e investigamos nós

1. Busca información na rede sobre os primeiros documentos medievais escritos en lingua galega.
2. Elabora un cuestionario dunha entrevista que lle realizarías ao entrevistado a partir da información que vés de obter.
3. Localiza dous libros sobre a historia da lingua galega no catálogo da nosa biblioteca.

Recursos

Entrevista a Henrique Monteagudo en *La Voz de Galicia*:

<http://www.lavozdeg Galicia.es/hemeroteca/2006/06/13/4857768.shtml>

LOIA

http://www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg/loia/historia_pr.php?idioma=1&seccion=34

Proxecto Meiga. Portal das bibliotecas de Galicia

<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/>